

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 09/08/2018 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.2. Solicitud de subvención nominativa de Toén F.S. (Exp. 260/2018)

Dáse conta da instancia presentada por Carlos Aitor Gil Fernández, con DNI 44657405F, en nome e representación da entidade Toén F.S., con CIF G32455297, en calidade de presidente, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para atender os gastos de funcionamento do clube para o ano 2018.

A dita entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da alcaldía de data 05/04/2005. O solicitante da subvención está inscrito co cargo de presidente da entidade.

Nas bases de execución (base 24^a, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén para o exercicio 2018 consta unha axuda con carácter nominativo para a entidade Toén F.S., con CIF G32455297, polo importe máximo de 1.800,00 €.

De acordo co disposto na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros presentes na sesión e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 02/07/2015 (BOP nº 168, do 23/07/2015), ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle á entidade Toén F.S., con CIF G32455297, representada polo seu presidente Carlos Aitor Gil Fernández, con DNI 44657405F, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 1.800,00 €, cantidade recollida na base 24^a das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018, con cargo á aplicación 341.48 do estado de gastos. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados do funcionamento e actividades da entidade beneficiaria. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá

presentar nas oficinas municipais antes do día 24/12/2018 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ *Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ *Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarase o seu pagamento.*
- ✓ *Declaración subscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ *Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.*

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do 1º tenente de alcalde (P.D. Decreto do 07/08/2018).

Documento asinado electronicamente na marxe